



BASES DO CONCURSO DE ADORNOS

“NADAL NO PEREIRO”

1. OBXECTO:

O Concello do Pereiro de Aguiar presenta a IV edición do Concurso de adornos de Nadal, iniciativa enmarcada no proxecto **“Nadal no Pereiro”**. **Este ano, decoraremos cos adornos presentados, a árbore da Biblioteca Municipal.**

2. PARTICIPANTES:

Poden participar todos os veciños e veciñas do Concello, de calquera idade. Establécense dúas categorías:

- a) **Categoría infantil**, nenos e nenas de entre 1 e 16 anos.
- b) **Categoría de adultos**, a partir de 17 anos.

3. XURADO:

O xurado estará formado por persoal do Concello alleo á organización e a Concelleira de Área de Benestar Social, Festexos, Ocio e Tempo Libre.

4. VALORACIÓN:

A partir do 9 de decembro, os participantes poderán levar o seu adorno á Biblioteca Municipal, onde se identificarán oportunamente. O horario de entrega será de 10.00 a 14.30h. e de 16.00 a 20.00h.

A data límite para participar e colocar o adorno será o 29 de decembro.

Para a valoración dos elementos decorativos de Nadal, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- a) Deseño.
- b) Orixinalidade.
- c) Utilización de recursos reciclados ou da natureza.

Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos. A suma de

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



todos os puntos, dará lugar aos gañadores do concurso.

O fallo do xurado será o día **30 de decembro**, sendo este inapelable. Os participantes comprométense a aceptar a decisión do xurado.

Os gañadores comunicaranse a través da web do Concello, e por vía telefónica.

5. MATERIAIS QUE SE PODEN EMPREGAR:

Cada participante pode presentar un máximo de **dous adornos** que deben ser de elaboración propia, é dicir, non poden mercarse como tal. Os adornos deben ter relación coas datas de Nadal, e os participantes terán plena liberdade en canto a técnica, os materiais e o estilo a empregar.

6. PREMIOS:

- **Categoría infantil:** Lote de libros.
- **Categoría adultos:** premio de 50 euros.

7. ENTREGA DE PREMIOS:

A data de entrega dos premios do concurso comunicárase vía telefónica aos interesados e publicarase na web do Concello.

Máis información na web do concello: www.concellopereiro.com , na Biblioteca Pública, no enderezo electrónico cultura@concellopereiro.com ou nos teléfonos de contacto 988 25 98 39 e 685 52 85 38.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

